

Índice de confianza do consumidor. Marzo 2007. COMUNICADO

Os índices de confianza e sentimento dos consumidores acadan en marzo de 2007 saldos superiores ao mes anterior.

Soben os saldos dos dous indicadores resumo da enquisa

O índice de confianza do consumidor (ICC) acada en marzo de 2007 un valor de . 17,3. Este saldo supón unha mellora de 1,1 puntos con respecto ao saldo do mes pasado e de 0,7 puntos con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Tendo en conta os compoñentes do ICC, a melloría do índice resumo con respecto ao mes anterior prodúcese como consecuencia da mellora de tres dos catro compoñentes, só a capacidade futura de aforro presenta un saldo inferior en marzo que en febreiro de 2007

O comportamento do índice de sentimento (ISC) en marzo de 2007 vai parello ao do ICC pero con unha menor variabilidade que o indicador de confianza, como ocorre en toda a serie; neste mes a subida é de 1,8 puntos con respecto ao mes pasado e de 2,1 puntos con respecto a marzo de 2006 . O indicador acada un saldo de -23,6.

Indicadores resumo

Unidade: saldo respostas en %

	ICC	ISC
2006		
Xaneiro	-21,5	-28,7
Febreiro	-19,1	-26,1
Marzo	-18,0	-25,7
Abril	-17,4	-25,6
Maio	-18,0	-27,3
Xuño	-17,3	-26,7
Xullo	-16,7	-24,1
Agosto	-18,5	-23,4
Setembro	-20,2	-22,7
Outubro	-22,3	-27,7
Novembro	-22,7	-27,0
Decembro	-20,3	-26,0
2007		
Xaneiro	-21,7	-27,8
Febreiro	-18,4	-25,4
Marzo	-17,3	-23,6

Fonte: IGE. Índice de confianza do consumidor

Favorable evolución da posibilidade actual de aforro e das perspectivas de evolución do emprego.

No mes de marzo de 2007 a posibilidade actual de aforro sobe catro puntos con respecto ao saldo acadado no mes anterior, esta forte recuperación prodúcese por segundo mes consecutivo. Con respecto a marzo de 2006 esta variable mellora en 3,2 puntos.

As perspectivas de evolución do emprego experimentan unha suba de 2,6 puntos con respecto ao mes anterior, este crecemento, ao igual que ocorre no saldo anteriormente comentado, prodúcese por segundo mes consecutivo. Este comportamento pódese observar no seguinte gráfico.



No que respecta aos prezos, a evolución pasada dos prezos acadou un saldo de -25,4 no mes de marzo de 2007, dúas décimas por enriba do valor acadado no mes anterior. Con respecto ao mesmo mes do ano anterior o diferencial é de 9,7 o que reflicte a percepción dos fogares de que os prezos creceron menos nos últimos meses. As perspectivas de evolución descendían 2,8 puntos con respecto ao dato de febreiro, os fogares opinan que os prezos van a seguir unha senda ascendente nos próximos meses

Definicións:

Índice de confianza do consumidor: media simple dos resultados das preguntas relativas á situación económica futura do fogar e da Comunidade Autónoma, capacidade futura de aforro e evolución do número de parados.

Índice de sentimento do consumidor: media dos resultados das preguntas relativas á oportunidade de facer grandes compras e á situación financeira persoal e de Galicia (tanto a evolución pasada coma as perspectivas de evolución).

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>